

ADMINISTRACIÓN LOCAL

PROVINCIAL

DEPUTACIÓN PROVINCIAL

Subvencións e axudas

CONVOCATORIA E BASES DE SUBVENCIONES DIRIXIDAS A ENTIDADES SEN FINS DE LUCRO PARA ACTUACIONES NO ÁMBITO DOS SERVIZOS SOCIAIS, SOCIOSANITARIOS E DA MOCIDADE NA PROVINCIA DE PONTEVEDRA NO ANO 2019

CONVOCATORIA E BASES DE SUBVENCIONES DIRIXIDAS A ENTIDADES SEN FINS DE LUCRO PARA ACTUACIONES NO ÁMBITO DOS SERVIZOS SOCIAIS, SOCIOSANITARIOS E DA MOCIDADE NA PROVINCIA DE PONTEVEDRA NO ANO 2019

A Deputación de Pontevedra, de conformidade co establecido no artigo 36.1 d) da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases de réxime local, e en relación co establecido no artigo 31 da Lei 13/2008, de 3 de abril, de servizos sociais de Galicia (LSSG), presta o seu apoio ás entidades de iniciativa social no ámbito dos servizos sociais especializados.

Estas entidades teñen como obxectivo a realización de proxectos ou actividades dentro da provincia orientadas á intervención, á asistencia, á integración social e laboral, á prevención e á promoción do benestar daqueles colectivos que, atendendo ás súas especiais circunstancias, precisan dunha maior especificación técnica e interdisciplinar na súa intervención.

De conformidade co establecido na Ordenanza reguladora de subvencións da Deputación de Pontevedra, nas Bases de execución do Orzamento provincial e demais normativa de pertinente aplicación, convócanse as subvencións destinadas a entidades sen fins de lucro para actuacións no ámbito dos servizos sociais, sociosanitarios e da mocidade na provincia de Pontevedra, que se rexerán polas seguintes

BASES

Primeira. Obxecto e ámbito de aplicación

O obxecto destas bases é a regulación da concesión, en réxime de concorrència competitiva, de axudas económicas a entidades e asociacións de carácter social sen fins de lucro para a realización de actividades na área dos servizos sociais, sociosanitarios e da mocidade na provincia de Pontevedra no ano 2019, dentro dos niveis de actuación que se establecen LSSG e cumprindo os requisitos que se indican nestas bases.

As subvencións concederanse atendendo aos principios de publicidade, transparencia, concorrència, obxectividade, igualdade, non discriminación e eficacia no cumprimento dos obxectivos fixados ao establecelas e de eficiencia na asignación dos recursos públicos.



Segunda. Servizos, programas e actividades subvencionables

Serán subvencionables aqueles proxectos, programas ou actividades de asociacións de carácter social e entidades sen fins de lucro que se desenvolvan no ámbito territorial da provincia de Pontevedra e que se dirixan aos seguintes colectivos:

- A) Familias e infancia
- B) Persoas maiores
- C) Persoas con diversidade funcional
- D) Emigrantes, inmigrantes e minorías étnicas
- E) Persoas en risco de exclusión social
- F) Persoas con trastornos aditivos
- G) Mocidade
- H) Sociosanitarios
- I) Colectivos con outros problemas que poidan ser obxecto de intervención social

Terceira. Gastos subvencionables

A título enunciativo e non taxativo serán gastos subvencionables os custos directos e indirectos do programa, proxecto ou actividade subvencionada:

3.1 Custos directos

Son aqueles que resulten imprescindibles para a posta en marcha do proxecto, vinculados á execución da intervención e que financien a consecución dos seus obxectivos. Para os efectos da concesión da axuda teranse en conta:

3.1.1 Materiais consumibles: considéranse os gastos consumibles en prazos inferiores a un ano, tales como material de escritorio, material informático, material de formación, materiais de reprografía e imprenta

3.1.2 Persoal: os gastos de persoal subvencionables poderán incluír salarios e seguros sociais do persoal afecto ao proxecto a cargo da entidade

3.1.3 Servizos técnicos e profesionais requiridos para a realización de análises de necesidades, diagnósticos, capacitacións, seminarios, informes etc. previstos para a execución do proxecto

A entidade poderá subcontratar a execución total ou parcial da actividade que constitúe o obxecto da subvención, de conformidade co previsto na normativa de subvencións. Nese caso, no momento da solicitude deberase presentar un orzamento detallado dos servizos que prestará a entidade subcontratada.



Luns, 18 de marzo de 2019

Núm. 54

En ningún caso poderá concertarse pola entidade beneficiaria a execución total ou parcial das actividades subvencionadas con:

a) Persoas ou entidades incursas nalguna das prohibicións do artigo 13 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS)

b) Persoas ou entidades que percibisen outras subvencións para a realización da actividade obxecto de contratación

c) Persoas intermediarias ou asesoras nas que os pagamentos se definan como unha porcentaxe de custo total da operación, a menos que este pagamento estea xustificado con referencia ao valor de mercado do traballo realizado ou dos servizos prestados

d) Persoas ou entidades vinculadas coa beneficiaria, salvo que concorran as seguintes circunstancias:

1.^a Que se obteña a autorización previa expresa do órgano concedente

2.^a Que o importe subvencionable non exceda o custo no que incorra a entidade vinculada. A acreditación do custo realizarase na xustificación nos mesmos termos establecidos para a acreditación dos gastos da entidade beneficiaria

e) Persoas ou entidades solicitantes de axuda ou subvención na mesma convocatoria e programa que non obtivesen subvención por non reunir os requisitos ou non alcanzar a valoración suficiente

Non se admitirán como gastos subvencionables os gastos de manutención nin os de desprazamento, agás que a entidade solicitante especifique claramente a necesidade e a adecuación deses gastos á finalidade que se pretende subvencionar.

3.2 Custos indirectos

Son os gastos propios do funcionamento regular da entidade solicitante que resulten da formulación e execución do proxecto: gastos de aluguer e/ou mantemento de instalacións (luz, auga, teléfono etc.); o IVE, cando non sexa recuperable; así como os impostos necesarios para a posta en marcha da subvención, sempre que a entidade beneficiaria os aboe efectivamente.

Estes gastos non poderán superar o 5 % dos gastos directos e imputaranse á actividade subvencionada na parte que razoablemente corresponda, de acordo cos principios e normas de contabilidade xeralmente aceptados e, en todo caso, na medida en que tales gastos se correspondan co período no que efectivamente se realiza a actividade.

3.3 Cando o proxecto presentado se corresponda coa única actividade xeral da entidade (prestación de servizo continuado) consideraranse como gastos directos todos os da entidade, que deberán estar reflectidos no apartado de gastos directos do orzamento.



3.4 Tamén será obxecto de subvención calquera outro gasto directo ou indirecto non especificado nos apartados anteriores que garde relación directa coa actividade obxecto da subvención e que a entidade beneficiaria xustifique.

3.5 En ningún caso terán a condición de gastos subvencionables:

- Os saldos debedores das contas bancarias
- As recargas e as sancións administrativas e penais
- Os gastos de procedementos xudiciais
- As amortizacións de bens inventariables
- Os gastos en atencións protocolarias (comidas, festas, recepcións, agasallos, flores etc.)

Cuarta. Entidades beneficiarias e requisitos

Poderán obter a condición de beneficiarias as entidades sen fins de lucro que realicen as súas actividades de acordo co establecido na cláusula segunda, que soliciten unha única subvención con cargo a esta convocatoria e reúnan, cando finalice o prazo de presentación de solicitudes, os seguintes requisitos:

- Estar legalmente constituídas como entidades de iniciativa social
- Ter o domicilio fiscal, sede, delegación ou oficina na provincia de Pontevedra e acreditar que as actividades obxecto da subvención se realizarán no ámbito territorial da provincia
- Estar ao corrente das súas obrigas coa Facenda pública, coa Deputación e coa Tesourería Xeral da Seguridade Social
- Non estar incurso en ningunha das causas de incompatibilidade ou de incapacidade para ser beneficiarias ou percibir as subvencións da Administración pública previstas no artigo 13 da LXS
- Carecer de fins de lucro
- Acreditar que os seus fins e actividades sociais coinciden coa finalidade da convocatoria e co contido do proxecto presentado
- Estar rexistradas como entidades prestadoras de servizos sociais no Rexistro único de entidades prestadoras de servizos sociais da Xunta de Galicia (RUEPSS), segundo o decreto 254/11, de 23 de decembro, publicado no Diario Oficial de Galicia (DOG) de 20 de xaneiro de 2012
 - No caso dos centros especiais de emprego sen fins de lucro deberán estar inscritos no Rexistro de centros especiais de emprego da Xunta de Galicia
 - No caso dos programas, centros de atención á infancia e a menores en situación de conflito ou desamparo e dos servizos complementarios regulados polo Decreto 329/2005, de 28 de xullo, polo que se regulan os centros de menores e os centros de atención á infancia, ludotecas, puntos de encontro familiar, centros de atención ás persoas maiores, con discapacidade e dependencia,



Luns, 18 de marzo de 2019

Núm. 54

centros residenciais para mulleres vítimas de malos tratos, centros de inclusión e emerxencia social e programas de axuda no fogar, tal e como se contempla na disposición transitoria primeira do Decreto 254/2011, de 23 de decembro, polo que se regula o réxime de rexistro, autorización, acreditación e inspección dos servizos sociais en Galicia, deberán contar coa correspondente autorización da Xunta de Galicia ou solicitala con anterioridade á finalización do prazo de presentación de solicitudes. En caso de subcontratación do programa ou servizo a entidade que o execute deberá contar tamén con esta autorización

Quinta. Exclusiones

Só se poderá conceder unha subvención por entidade. Para estes efectos consideraranse como unha soa entidade todas aquelas nas que as e os socios ou membros da xunta directiva sexan comúns nunha porcentaxe superior ao 50 %, e vinculadas, nos termos establecidos na LXS e nas súas normas de funcionamento e as que puidesen encaixar no concepto de grupo, nos termos dispostos no Código de comercio.

Sexta. Financiamento

A contía prevista para esta convocatoria de subvencións, con cargo á aplicación 19/231.2313.480.02 do Orzamento xeral da Deputación para o ano 2019, ascende a catrocentos noventa e nove mil (499.000,00) euros, que representa o máximo de obrigas que se poden adquirir con cargo a esta convocatoria, sen prexuízo da súa eventual ampliación. No seu caso, ampliarase o crédito tendo en conta o disposto no artigo 58 do Regulamento da Lei xeral de subvencións (RLXS).

A contía máxima da subvención que pode percibir cada entidade non poderá exceder os seis mil (6.000,00) euros.

As contías de cada subvención serán aprobadas pola Xunta de Goberno tras a proposta previa da comisión de valoración, de acordo cos criterios establecidos na base décimo cuarta.

Como regra xeral o importe máximo da subvención para cada proxecto non poderá exceder o 80 % do seu orzamento.

Sétima. Obrigas das entidades beneficiarias

7.1 As persoas ou entidades beneficiarias das subvencións deberán cumprir as obrigas esixidas polo réxime xurídico das subvencións que resulten de aplicación, especialmente as seguintes:

7.1.1 Realizar en prazo a finalidade obxecto da subvención e presentar en forma e prazo a xustificación

7.1.2 Levar a cabo as medidas de difusión nos termos establecidos nas bases da convocatoria, tanto na súa forma coma en prazo; estas deberán ter a mesma relevancia que as medidas de



Luns, 18 de marzo de 2019

Núm. 54

difusión realizadas para outros entes cofinanciadores da finalidade subvencionada. Só estarán excluídas desta obriga as subvencións nas que, pola súa natureza, a publicidade poida ser contraria ao respecto e salvagarda da honra, a intimidade persoal e familiar das persoas físicas ou calquera outra na que, pola súa imposibilidade material, se xustifique a súa exención na convocatoria

7.1.3 As persoas ou entidades beneficiarias deberán pagarlles aos seus acredores durante o período de realización da finalidade subvencionada. Con todo, as persoas ou entidades beneficiarias que teñan dificultades de tesourería poderán pagar unha vez cobren a subvención, no prazo máximo dun mes desde que se produza este cobro

7.1.4 As persoas ou entidades beneficiarias deberán pagar preferentemente por medio de entidades financeiras; será obrigatorio realizalo por este medio nos seguintes casos:

I. Pagamentos que superen o importe de novecentos (900,00) euros

II. Cando a persoa ou entidade beneficiaria non conte con contabilidade. Neste caso só se terán en conta para efectos de xustificación os gastos pagados desta forma

7.2 Ademais das obrigas previstas no artigo 14 da LXS as persoas ou entidades beneficiarias terán que:

7.2.1 Comunicar calquera eventualidade ou circunstancia que altere ou dificulte o desenvolvemento da finalidade subvencionada; estas modificacións poderán facer variar a contía da subvención aprobada

7.2.2 Comunicar cando, debido á acumulación de subvencións ou axudas recibidas para o mesmo fin, o conxunto destas supere o custo total da actividade subvencionada, caso no que o importe da subvención deberá ser obxecto de modificación

7.3 Autorizar a Deputación para que utilice o material gráfico relativo ao proxecto na difusión daqueles que estean subvencionados

7.4 Someterse aos procedementos de control ou de auditoría que realice a Intervención provincial polos seus propios medios ou a través de empresas colaboradoras e tamén, na súa condición de quen subscribe a conta, aos procedementos de control que poidan realizar o Consello de Contas de Galicia, o Tribunal de Contas ou calquera outro órgano de control interno ou externo, nacional ou europeo. Como resultado dos citados procedementos poderase esixir responsabilidade administrativa, de acordo co disposto na LXS e, no seu caso, responsabilidade penal, de conformidade co Código penal.

7.5 As entidades beneficiarias para as que sexa de aplicación obrigatoria o Plan de contas adaptado ás entidades non lucrativas, en particular no que se refire ás súas obrigas contables, segundo o disposto no Real decreto 1491/2011, de 24 de outubro. As restantes entidades beneficiarias deben levar os seguintes libros e rexistros:

a. Libro diario de ingresos e gastos



Luns, 18 de marzo de 2019

Núm. 54

b. Liquidación anual de ingresos e gastos

c. Libro de inventario

O funcionamento da entidade deberá ser de carácter democrático, garantindo a participación das e dos usuarios.

Oitava. Compatibilidade das subvencións

As subvencións ás que se refire esta convocatoria son compatibles coa percepción doutras subvencións, axudas ou ingresos para a mesma finalidade procedentes de calquera das administracións ou entes públicos ou privados, pero en ningún caso o conxunto das axudas recibidas poderá superar o 100 % do custo da actividade ou proxecto subvencionado. Neste caso deberán comunicalo co obxecto de minorar o importe da subvención.

As subvencións ás que se refire esta convocatoria son incompatibles coa percepción de subvencións de carácter nominativo.

As actuacións que sexan subvencionadas de acordo co establecido nesta convocatoria non serán compatibles con outras concedidas por outros servizos do organismo provincial para a mesma finalidade no exercicio 2019.

Novena. Prazo e lugar de presentación de solicitudes

O prazo para a presentación de solicitudes será de 15 días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da publicación das bases e do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO).

As solicitudes presentaranse obrigatoriamente por medios electrónicos a través do formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Deputación de Pontevedra (<https://sede.depo.gal>) no anexo I.

Se algunha das persoas interesadas presenta a súa solicitude presencialmente, requiriráselle que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos considerase como data de presentación da solicitude aquela na que se realizase a emenda.

Para a presentación das solicitudes a sede electrónica da Deputación de Pontevedra admite os certificados electrónicos do sistema Cl@ve, que contempla a utilización de sistemas de identificación baseados en claves concertadas (sistemas de usuario e contrasinal) e certificados electrónicos (incluído o DNIe).

Décima. Comprobación de datos

Para a tramitación deste procedemento consultarase automaticamente os datos incluídos nos seguintes documentos elaborados polas administracións públicas:



Luns, 18 de marzo de 2019

Núm. 54

- Certificación de estar ao corrente das obrigas tributarias para a percepción de axudas públicas coa Axencia Estatal Tributaria, coa Facenda autonómica e coa Seguridade Social

En caso de que as persoas interesadas se opoñan ás devanditas consultas deberán indicalo no cadro correspondente habilitado no formulario de inicio e achegar os documentos correspondentes.

Excepcionalmente, en caso de que algunha circunstancia imposibilitase a obtención dos citados datos poderase solicitar ás persoas interesadas a presentación dos documentos correspondentes.

Décimo primeira. Documentación

As entidades interesadas deberán achegar coa solicitude a seguinte documentación:

1. Proxecto descritivo da actividade para a que se solicita a subvención asinado pola persoa representante da entidade. Debe ser claro e realista e ter unha extensión máxima de 10 folios a unha cara e tamaño de letra 12. Todas as entidades deberán presentar os proxectos seguindo a estrutura establecida nestas bases; os puntos non desenvolvidos non serán obxecto de valoración.

Posto que se establece un réxime de concorrencia competitiva para a concesión destas axudas e, atendendo ao principio de igualdade, a non presentación do proxecto descritivo da actividade para a que se solicita a subvención seguindo a orde e o formato establecido constituirá un defecto non emendable e comportará a inadmisión a trámite da solicitude.

Respecto das normas que dispón o Regulamento para un uso inclusivo da linguaxe na Deputación de Pontevedra (BOPPO número 229, de 29 de novembro de 2017), deberá empregarse unha linguaxe escrita e iconográfica incluínte e exenta de sexismo, que promova a igualdade efectiva entre mulleres e homes.

O proxecto deberá ter a seguinte estrutura:

A. Denominación ou nome do proxecto

B. Antecedentes e breve descrición xeral

C. Detección de necesidades e xustificación

D. Obxectivos e fins que persegue

E. Ámbito territorial de actuación

F. Persoas beneficiarias directas e indirectas do proxecto

G. Temporalización (definir o número de horas totais do proxecto e os meses de intervención segundo as diferentes fases do proxecto ou actividade co cronograma e horas semanais)

H. Metodoloxía empregada



I. Recursos humanos, materiais e económicos dedicados ao proxecto

- Definir o persoal do proxecto que é propio ou subcontratado, a porcentaxe de dedicación ao proxecto do persoal propio, as categorías profesionais etc.
- Definir os recursos materiais dos que xa dispón a entidade e os recursos que necesita contratar. Definir se o local onde se desenvolve o proxecto é propio, cedido, alugado etc.
- Sinalar o coeficiente de financiamento ou capacidade de autofinanciamento

Os proxectos que inclúan a programación de cursos de formación deben concretar os medios humanos e materiais que utilizarán en función do número de alumnas e alumnos, tendo en conta que as facturas xustificativas deberán axustarse a eses conceptos.

K. Avaliación e difusión

2. Xustificante dos datos actualizados da inscrición no RUEPSS

3. Memoria xeral explicativa das características substanciais da entidade solicitante para valorar a súa capacidade. Debe incluír un organigrama, información sobre as persoas socias, as actividades realizadas no último ano e a previsión das actuacións do ano en curso.

4. Se a entidade posúe certificados de calidade vixentes (ISO, EFQM, SGSI etc.), premios ou o certificado de declaración de entidade de utilidade pública estes deberán acreditarse documentalmente e achegarse xunto coa solicitude da subvención

A documentación complementaria deberá presentarse electronicamente. As persoas interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten. Excepcionalmente, a Administración poderá requirir a exhibición do documento orixinal para o cotexo da copia electrónica presentada.

Se algunha das persoas interesadas presenta a documentación complementaria presencialmente requiriráselle que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos considerárase como data de presentación aquela na que se realizase a emenda.

Non será necesario achegar os documentos que xa se presentaron anteriormente. Para estes efectos a persoa interesada deberá indicar en que momento e ante que órgano administrativo os presentou.

Nos supostos de imposibilidade material de obter o documento o órgano competente poderá requirirle á persoa interesada a súa presentación ou, no seu defecto, a acreditación por outros medios dos requisitos aos que se refire o documento, con anterioridade á formulación da proposta de resolución.

En caso de que algún dos documentos que se deban presentar de forma electrónica superase os tamaños máximos establecidos ou tivese un formato non admitido pola sede electrónica da Deputación de Pontevedra permitirase a súa presentación de forma presencial dentro dos prazos previstos.



**Décimo segunda. Trámites administrativos posteriores
á presentación de solicitudes e emenda destas**

Todos os trámites administrativos que as persoas interesadas deban realizar durante a tramitación deste procedemento deberán ser realizados electronicamente a través do modelo “instancia xenérica”, dispoñible en <https://sede.depo.gal>.

Se a solicitude non reúne os datos esixidos na convocatoria ou calquera dos previstos no artigo 66 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP) requiriráselle á persoa interesada, de conformidade co establecido no artigo 68 desta, que nun prazo de 10 días hábiles emende as faltas ou presente os documentos preceptivos, indicándolle que, en caso de non o facer, se terá por desistida a súa solicitude, que se arquivará sen máis trámites.

Décimo terceira. Notificacións

As resolucións e actos administrativos notificaranse só por medios electrónicos, nos termos previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

As notificacións practícaranse a través de Carpeta Ciudadana e de Dirección Electrónica Habilitada única. Ambos sistemas son accesibles desde <https://sede.depo.gal>.

As notificacións entenderanse realizadas no momento no que se produza o acceso ao seu contido, considerándose rexeitada cando transcorresen dez días naturais desde a posta a disposición da notificación sen que se acceda a este.

O sistema remitiralles ás persoas interesadas avisos da posta a disposición das notificacións á conta de correo electrónico indicada na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

Se o envío da notificación electrónica non fose posible por problemas técnicos a Deputación de Pontevedra practicará a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Décimo cuarta. Valoración e criterios de concesión

A adxudicación das subvencións farase mediante concorrencia competitiva seguindo os principios de igualdade, transparencia, non discriminación e obxectividade. As puntuacións acadadas serán as que determina a subvención obxecto de concesión tendo en conta que cada solicitude poderá ser valorada cun máximo de 100 puntos.

As solicitudes que obteñan unha puntuación inferior a 40 puntos quedarán automaticamente excluídas da convocatoria.

Os proxectos que cumpran os requisitos sinalados nestas bases reguladoras serán avaliados segundo os seguintes criterios:



A. Criterios relacionados coa entidade (ata 25 puntos):**1. Antigüidade da entidade desde a súa constitución, que determinará a experiencia no sector (máximo 5 puntos)**

- Menos de 3 anos 2 puntos
- Entre 4 e 10 anos 3 puntos
- Entre 11 e 25 anos 4 puntos
- Máis de 25 anos 5 puntos

2. Coordinación e colaboración (máximo 5 puntos)

- Coordinación con outras entidades de iniciativa social 1 punto
- Coordinación cos servizos sociais comunitarios 2 puntos
- Coordinación con outras administracións públicas 2 puntos

Deberase recoller este apartado no contido do proxecto facendo unha descrición detallada desta, indicando en que consiste a mencionada coordinación e/ou colaboración, e achegando a documentación acreditativa (convenios de colaboración, acordos, certificacións etc.) das administracións públicas e/ou entidades de iniciativa social coas que se coordine ou colabore.

3. Recursos humanos ao servizo da entidade (máximo 9 puntos)**3.1 Persoal indefinido**

- Técnico de grao superior ou grao medio: A1, A2 ou equivalente
0,2 puntos por traballadora ou traballador máximo 2 puntos
- Auxiliar técnico, administrativo ou auxiliar administrativo: C1, C2 ou equivalente
0,1 puntos por traballadora ou traballador máximo 1 punto

3.2 Persoal de carácter non indefinido

- Técnico de grao superior ou grao medio: A1, A2 ou equivalente
0,15 puntos por traballadora ou traballador máximo 1,5 puntos
- Auxiliar técnico, administrativo ou auxiliar administrativo: C1, C2 ou equivalente:
0,1 puntos por traballadora ou traballador máximo 0,5 puntos

3.3 Contratación de persoal con discapacidade recoñecida igual ou superior ao 33 %

- Si 2 puntos

Deberá achegarse a relación de traballadoras e traballadores e a xustificación documental de tal circunstancia.

3.4 Programa de voluntariado

- Si 2 puntos

Deberá acreditarse a inscrición no Rexistro de acción voluntaria de Galicia.

4. Homologación e recoñecementos da entidade (máximo 6 puntos)

- Certificado de calidade 2 puntos
- Premios ou recoñecementos 2 puntos
- Declaración de entidade de utilidade pública 2 puntos

Deberá xustificarse cada un dos apartados descritos mediante os pertinentes documentos oficiais (acreditacións ou certificacións correspondentes) para que poidan ser valorados.

B. Criterios relacionados co contido e a execución do proxecto (ata 75 puntos)

1. Contido do proxecto (ata 55 puntos)

1.1 Detección de necesidades e xustificación (máximo 6 puntos)

- Fundamentación: descrición das necesidades que xustifican a existencia do proxecto, a súa importancia e prioridade
- Resumo da situación do colectivo ou perfil das e dos usuarios que se beneficiarán da posta en marcha ou continuidade do proxecto
- Vantaxes e beneficios que se pretenden acadar

1.2 Obxectivos do programa (máximo 6 puntos)

- Formulación dos obxectivos xerais e específicos que se perseguen. Deben ser claros e relacionados directamente co obxecto do proxecto

1.3 Temporalización (máximo 8 puntos)

Previsión das datas de inicio e fin de cada unha das actividades e de como se van organizar (calendario ou cronograma dos días da semana ou mes), especificando dentro das horas totais do proxecto a porcentaxe que se dedica a cada unha das actividades ou accións que se inclúan no proxecto obxecto de subvención.

1.4 Metodoloxía (máximo 8 puntos)

Descrición da execución do proxecto:

- Marco teórico de referencia
- Forma de acceso das persoas usuarias á entidade e a posibilidade de participación no proxecto
- Ferramentas, técnicas e instrumentos que se empregan, en función das características e necesidades das persoas beneficiarias para a realización das distintas actividades
- En caso de declarar a existencia de coordinación e colaboración da entidade coa administración pública, cos servizos sociais comunitarios municipais e/ou entidades de iniciativa social, explicación detallada desta

1.5 Recursos humanos (máximo 5 puntos)

- Número de traballadoras ou traballadores dedicados ao proxecto, titulación do posto que ocupan ou categoría profesional e porcentaxe da súa xornada laboral;



especificando se é persoal propio da entidade ou contratado para a posta en marcha do proxecto obxecto desta convocatoria de subvención

- En caso de contar cun programa de voluntariado, reflectir o número de persoas voluntarias e funcións nas que colaboran ou prestan apoio
- Presencia equilibrada de mulleres e homes

1.6 Recursos materiais (máximo 4 puntos)

- Sedes ou locais cos que conta a entidade para o desenvolvemento do proxecto, especificando o seu réxime (en propiedade, aluguer, cesión etc.) e tendo en conta o aproveitamento dos recursos comunitarios, ao fin de facer un uso eficiente destes en beneficio da entidade e, á súa vez, fomentar a participación da comunidade
- Outros recursos e materiais dos que dispoña (material funxible, audiovisual, medios de transporte etc.) para a realización do proxecto
- Emprego das novas tecnoloxías da información e da comunicación
- Elaboración de materiais propios

1.7 Avaliación e difusión (máximo 6 puntos)

- Descrición do proxecto avaliativo (avaliación inicial, continua e final)
- Concreción dos indicadores de avaliación que se empregarán, especificando o seu carácter cuantitativo e cualitativo, así como calquera instrumento ou técnica empregados
- Medios de difusión empregados para publicitar o proxecto tanto na propia entidade como de cara á cidadanía

1.8 Calidade técnica do proxecto (máximo 12 puntos)

- Calidade e coherencia xeral do proxecto, desenvolvemento de boas prácticas e accións innovadoras, medidas de atención á diversidade e promoción da inclusión
- Viabilidade do proxecto e estudo do seu impacto
- Adecuación dos recursos dispoñibles coa axeitada execución do proxecto

2. Execución do proxecto (ata 20 puntos)

2.1 Antecedentes (máximo 4 puntos)

- Proxecto novo 2 puntos
- Proxecto de continuación (do exercicio 2018) 4 puntos

2.2 Ámbito de actuación do proxecto (máximo 2 puntos)

- Servizo de ámbito municipal 1 punto
- Servizo de ámbito supramunicipal 2 puntos

2.3 Persoas beneficiarias directas da actividade ou proxecto (máximo 6 puntos)

- Menos de 30 persoas beneficiarias 1 punto



Luns, 18 de marzo de 2019

Núm. 54

- De 31 a 100 persoas beneficiarias 3 puntos
- Máis de 100 persoas beneficiarias 6 puntos

d) Coeficiente de autofinanciamento (máximo 8 puntos)

- Coeficiente de autofinanciamento do 20 % ao 30 % 2 puntos
- Coeficiente de autofinanciamento de máis do 30 % ao 40 % 4 puntos
- Coeficiente de autofinanciamento de máis do 40 % ao 50 % 6 puntos
- Coeficiente de autofinanciamento maior do 50 % 8 puntos

O coeficiente de autofinanciamento defínese como a diferenza do orzamento total do proxecto e o importe da subvención solicitada á Deputación, entre o total do orzamento presentado.

Décimo quinta. Procedemento de concesión

A instrución do procedemento de concesión de subvencións será realizada pola xefa do Servizo de Cohesión Social e Xuventude e comprenderá as seguintes fases:

- Logo de presentadas as solicitudes levarase a cabo o estudo e a comprobación destas por parte do Servizo de Cohesión Social e Xuventude
- A xefa do Servizo, como órgano instrutor, realizará de oficio cantas actuacións estime necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos datos en virtude dos cales se debe formular a proposta de resolución, de conformidade co previsto no artigo 24 da LXS e no artigo 19 da Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra
- O Servizo de Intervención emitirá un informe de fiscalización de todos os expedientes e do informe-proposta

Existirá unha única comisión de valoración que examinará e valorará todas as solicitudes recibidas.

Os expedientes que cumpran os requisitos de admisión, unha vez revisados e, se é o caso, completados, remitiranse á comisión de valoración, que terá a función de valoralos segundo os criterios de concesión e baremo recollidos nestas bases.

A comisión de valoración estará composta por:

Presidenta: a da Deputación ou a deputada ou deputado provincial en quen delegue.

Vogais: a persoa responsable do Servizo de Cohesión Social e Xuventude, ou un membro do funcionariado en quen delegue, e a persoa técnica responsable do programa.

Secretaria ou secretario: unha ou un funcionario do Servizo de Cohesión Social e Xuventude, que actuará sen voto.



Luns, 18 de marzo de 2019

Núm. 54

Esta comisión procederá ao exame e ao estudo das solicitudes de subvencións presentadas, conforme aos criterios sinalados anteriormente, e poderá solicitar, motivadamente, os informes que estime necesarios para resolver as peticións. O prazo de emisión será de 10 días hábiles. Así mesmo, poderá excluír da valoración as entidades que, de conformidade coa documentación presentada, sexan cualificadas como tecnicamente insolventes ou soliciten axudas para a realización de proxectos ou actividades inviables ou economicamente non xustificadas.

O procedemento de concesión das axudas é o de concorrência competitiva. A contía obterase de aplicarlle un cociente á puntuación que resulte segundo a base décimo cuarta.

A comisión, unha vez avaliadas as solicitudes, á vista da dispoñibilidade orzamentaria e de acordo cos criterios de valoración previstos na convocatoria, realizará unha proposta de resolución na que se concretarán o resultado da valoración efectuada, a relación das entidades solicitantes para as que se propón a concesión da subvención coa súa contía e, no caso das excluídas, o motivo da exclusión.

A proposta de resolución será aprobada pola Xunta de Goberno á vista do expediente e do informe debidamente motivado da comisión.

A resolución da concesión notificarase de conformidade co establecido no artigo 40 da LPACAP.

Sen prexuízo da obriga de resolver, de acordo co disposto nos artigos 21 e 22 da LPACAP, transcorridos 6 meses a partir do día seguinte ao de finalización do prazo de presentación da solicitude sen que se lles notifique a resolución expresa ás entidades interesadas, considerarase desestimada por silencio administrativo.

As subvencións concedidas entenderanse aceptadas se as entidades non se opoñen ou non as rexeitan expresamente no prazo de 10 días hábiles contados desde a súa notificación.

Décimo sexta. Modificación da resolución

Tal como se establece no artigo 64 do RLXS, unha vez notificada a resolución da concesión a entidade beneficiaria poderá solicitar a modificación desta, incluídos os prazos de execución e xustificación, e non poderá variarse o destino ou finalidade da axuda concedida.

A solicitude de modificación deberá presentarse de forma inmediata á aparición das circunstancias que a motiven e con antelación á finalización do prazo de execución inicialmente concedido. O acto polo que se acorde a modificación da resolución de concesión da subvención será adoptado polo órgano que a concedeu, previo informe da comisión avaliadora.

Décimo sétima. Xustificación

Despois de notificar a aprobación das axudas concedidas e de realizarse a actividade (antes do día 31 de decembro de 2019), as entidades beneficiarias deberán xustificalas antes do 31 de xaneiro de 2020, este incluído.



Luns, 18 de marzo de 2019

Núm. 54

O órgano competente poderá outorgar unha ampliación do prazo de xustificación que non exceda da metade do prazo inicial e sempre que con iso non se prexudiquen dereitos de terceiras persoas (artigo 70 do RLXS).

Os gastos xustificandos deberán axustarse aos conceptos establecidos no orzamento inicial. Establécese unha porcentaxe de desviación máxima no custo dos diferentes conceptos da actividade subvencionada con respecto ao orzamento inicial pormenorizado dun máximo do 20 %.

Para o cobro da axuda concedida as entidades deberán estar ao corrente das súas obrigas coa Deputación, situación que determinará de oficio a propia institución provincial a través do Servizo de Intervención.

As entidades beneficiarias someteranse aos procedementos de control ou auditoría que realice este Servizo, polos seus propios medios ou a través de empresas colaboradoras. Como resultado deste procedemento poderáselles esixir responsabilidade administrativa.

Estas beneficiarias das subvencións provinciais deberán utilizar, con carácter xeral, formas de pagamento a terceiros que poidan acreditarse mediante un documento expedido por unha entidade financeira no que queden identificados a ou o beneficiario, o importe e a data de pagamento (tarxetas bancarias de crédito ou débito, talóns nominativos, transferencias bancarias etc.). Só se poderá utilizar o pagamento en metálico cando non sexa posible outra forma alternativa. O incumprimento desta disposición para algún gasto implicará que este se considere non subvencionable, de conformidade cos artigos 72.2, 75.2 e 89 do Regulamento da LXS, en relación cos artigos 31.2 e 37 da LXS, sempre que o gasto supere o importe de novecentos (900,00) euros.

A entidade beneficiaria da subvención deberá pagar os seus gastos xustificativos antes do transcurso dun mes, contado a partir do día da percepción da subvención. Ademais, deberá presentar o correspondente xustificante bancario do citado pagamento no Servizo de Cohesión Social e Xuventude da Deputación para incorporalo ao expediente. En caso contrario este gasto considerárase como non válido para os efectos de xustificación da subvención.

A colaboración da Deputación de Pontevedra farase constar en toda a divulgación (impresa, informática ou audiovisual) que se faga das actividades ou dos investimentos subvencionados e na súa páxina web. Deberase achegar un documento probatorio: foto, folia de xornal ou captura de pantalla da web. As normas de imaxe institucional pódense consultar a través da dirección de correo electrónico cohesionsocialxuventude@depo.gal.

A difusión da orixe da subvención realizarase co mesmo tamaño e nas mesmas condicións de visibilidade que as dos outros entes financiadores.

Para percibir a subvención concedida as entidades deberán presentar a seguinte documentación:

- Facturas ou documentos análogos con valor probatorio no ámbito mercantil e administrativo polo importe da subvención concedida, indicando en cada factura o número de unidades, os prezos unitarios destas e o custo total de cada unha. As



facturas estarán debidamente conformadas co xustificante de recepción da ou do beneficiario da subvención e co selo da ou do acredor (as facturas ou documentos análogos deberán gardar a mesma orde relacionada na conta xustificativa)

- Conta xustificativa dos gastos polo importe total do orzamento presentado pola entidade na que se determinará o custo ou o gasto total da actividade subvencionada (anexo II). Poñerase de manifesto que os gastos que figuran na conta xustificativa foron aplicados á finalidade para a que foi concedida a axuda e indicarse que o resto dos xustificantes da conta se atopan no domicilio da entidade beneficiaria a disposición da Deputación para o seu exame, tal como se establece no Orzamento provincial vixente. Nesta conta xustificativa definiranse, no apartado “concepto”, a causa do gasto e a porcentaxe de imputación deste ao proxecto.
- Documento probatorio da difusión da colaboración da Deputación na actividade subvencionada
- Memoria xustificativa do cumprimento das condicións establecidas na solicitude da subvención
- Modelo de ficha xustificativa (anexo III)

Toda a documentación xustificativa deberá presentarse obrigatoriamente por medios electrónicos a través do modelo “instancia xenérica”, dispoñible en <https://sede.depo.gal>.

Décimo oitava. Pagamento

Para pagar a subvención terase en conta o seguinte:

- En caso de que se xustifique o gasto polo 100 % do orzamento subvencionado aboarase a totalidade da subvención
- En caso de que se xustifique un gasto inferior ao 100 % do orzamento subvencionado aboarase a parte proporcional da subvención

O pagamento da subvención efectuarase por transferencia á conta bancaria indicada pola entidade.

Décimo novena. Incumplimento

Unha vez finalizado o prazo establecido nas bases para a xustificación da subvención e a prórroga concedida, no seu caso, sen que a entidade beneficiaria presente a documentación xustificativa, o Servizo de Cohesión Social e Xuventude requiriralle á entidade beneficiaria que a presente no prazo improrrogable de 15 días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da notificación.

Neste requirimento notificaráselle que incorreu nunha infracción leve, tipificada no artigo 56.a da LXS, penalizada cunha multa de entre 75,00 e 900,00 euros. Do mesmo xeito, en caso de presentación incompleta ou defectuosa a entidade beneficiaria só terá un período de emenda improrrogable de 10 días hábiles.



A falta de presentación da documentación neste prazo supoñerá a perda da subvención e as demais responsabilidades previstas na LXS.

Vixésima. Devolución e reintegro

As axudas concedidas deberán devolverse ou reintegrarse nos seguintes casos:

- Obtelas falseando as condicións requiridas
- Non aplicalas aos fins para os que foron concedidas
- Incumprir as obrigas asumidas e as condicións fixadas nestas bases

Vixésimo primeira. Publicidade da convocatoria

Estas bases reguladoras publicaranse no BOPPO e en <https://sede.depo.gal>.

Por outra parte, de conformidade co previsto nos artigos 17.3.b) e 20.8.a) da LXS remitirase á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) o texto da convocatoria para a súa publicación nela, que será a que lle dea traslado do seu extracto ao BOPPO.

Vixésimo segunda. Protección de datos

Os datos persoais obtidos neste procedemento serán obxecto de tratamento pola Deputación de Pontevedra, en calidade de órgano responsable, coa finalidade de xestionar este procedemento, verificar os datos e documentos que a persoa interesada declare na súa solicitude para comprobar a súa exactitude e levar a cabo todas as actuacións administrativas que, no seu caso, deriven.

A lexitimación para o tratamento dos datos basease no cumprimento dunha tarefa en interese público ou o exercicio de poderes públicos segundo as normas de rango legal recollidas no apartado “normativa aplicable”, dispoñible en <https://sede.depo.gal>.

Os datos persoais obtidos neste procedemento serán obxecto de comunicación ás administracións públicas no exercicio das súas propias competencias ou cando sexa necesario para que a cidadanía poida acceder de forma integral á información relativa a unha materia.

As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercitar outros dereitos ou revogar o consentimento segundo o previsto en <https://depo.gal/proteccion-de-datos/exercicio-de-dereitos>.

Vixésimo terceira. Réxime xurídico aplicable

As bases da convocatoria e cantos actos administrativos deriven delas e das actuacións da comisión de valoración poderán ser impugnados nos casos e na forma previstos na LPACAP, e na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.



Luns, 18 de marzo de 2019

Núm. 54

Vixésimo cuarta. Dereito supletorio

Para o non disposto nesta convocatoria contemplárase o establecido nas Bases de execución do Orzamento xeral da Deputación de Pontevedra para o exercicio 2019, na Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra (OXSDEPPO) e na demais normativa de aplicación.

